



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), realizarase en breve neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que, como é sabido, constitúe o instrumento de participación na vida escolar de tódolos sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 20 de outubro, venres, ás 10:25 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

En Corme, a 18 de outubro de 2022.

O director

Asdo.: Manuel N. Caridad López